

## UGT SOLICITA Á XUNTA DE GALICIA O PAGO DO INCREMENTO SALARIAL DE 2024 E OS ATRASOS COA MAIOR CELERIDADE

Santiago de Compostela 09/07/2024

**UGT Servizos Públicos** como sindicato máis representativo na Mesa Xeral do persoal empregado público ao servizo da Administración Xeral, Ensino, Xustiza e Sergas na Xunta de Galicia, ven de solicitar, por escrito á Dirección Xeral do Emprego Público e Administración de Persoal, **a maior celeridade** para que **no menor tempo posible** se materialicen os **incrementos retributivos** pactados, e **se nos comunique a data prevista de pagamento** en nómina.

O **Real decreto-lei 4/2024** de 26 de xuño, no seu Capítulo II, artigo 6, determina medidas de carácter retributivo do persoal ao servizo do sector público:

- ✚ No ano **2024**, as retribucións do persoal ao servizo do sector público poderán experimentar un incremento global máximo do **2%** respecto a as vixentes ao 31 de decembro de 2023, incluídos nestas últimas os incrementos derivados do previsto no artigo 19.Dous.2 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo, e que este **incremento** retributivo terá **efectos** económicos desde o **1 de xaneiro de 2024**.
- ✚ Se aplicará, **tamén** con efectos do 1 de xaneiro de 2024, un **incremento** retributivo **adicional e consolidable do 0,5 por cento**, respecto a as retribucións vixentes ao 31 de decembro de 2023, se a suma da variación do **IPCA** dos anos **2022, 2023 e 2024** superase o incremento retributivo fixo acumulado de 2022, 2023 e 2024. Se aprobara a aplicación deste incremento mediante Acordo do Consello de Ministros, que se publicará no BOE.

**Ambas subas** salariais estaban recollidas no **Acordo estatal para a Administración do Século XXI**, do que **UGT** e sindicato asinante, publicado a través da Resolución do 14 de novembro de 2022, da **Secretaría de Estado de Función Pública**. Con ditos **acordos** chégase no conxunto das administracións públicas do **Estado**, a unha suba **básica e mínima do 9,8%**, que no caso de **Galicia** coa aplicación de acordos sectoriais sobre retribucións complementarias elevan en varios puntos o incremento salarial acumulado no mesmo período 2022-2024.

**UGT** urxe ao **Goberno** da Xunta de Galicia a **axilizar os trámites** para que o **persoal** empregado público vexa reflectido na súas **nóminas** os **acordos** asinados por **UGT Servizos Públicos**.

